Concello de Cerdido
(A Coruña)
Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Cabo Ortegal
XEOPARQUE

APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CERDIDO

O Pleno do Concello de Cerdido, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2026, acordou aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Cerdido.

De conformidade co acordo adoptado e co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte (20) días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal as persoas interesadas poderán examinalo e presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que consideren oportunas.

O expediente estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias municipais do Concello de Cerdido, así como na sede electrónica municipal.

No caso de que non se presenten reclamacións, suxestións ou alegacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de adoptar un novo acordo plenario.

No caso de presentárense, corresponderá ao Pleno da Corporación a súa resolución e a adopción do acordo definitivo que proceda.

Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cerdido, 20 de novembro de 2026
O Alcalde
Alberto Javier Rey Paz

CVD: zjVs3SzWeF+zDGEOPBH6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cerdido.es/